

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/7	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo **Convocatoria:**

Extraordinaria

Motivo: «O artigo 6º do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Outes esixe que a entrega solemne da distinción como Fillo Predilecto se leve a cabo nunha sesión extraordinaria do Pleno convocada con dita finalidade.»

Data:

4 de maio de 2024

Duración:

Dende as 12:00 até as 12:40

Lugar:

CASA DA CULTURA.

Presidida por:

MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretario:

ANDRES BUSTO ALLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
52433884W	ANDRES BUSTO ALLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-



Presidente abre a sesión.

Entrega solemne a D. Domingo Barreiros Lago das distincións como Fillo Predilecto deste Municipio.

Comeza o acto solemne coa presentación do mesmo por parte do Sr. alcalde.

De seguido toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón para, en síntese, agradecer ao homenaxeado a gran labor realizada ao longo da súa vida en favor das corais e da labor cultural en Outes. Remata a súa intervención lembrando aspectos da relación persoal do Sr. Barreiros Lago coa sua familia.

De seguido toma a palabra a concelleira Da. Soledad Agra Tuñas para agradecer a labor realizada polo homenaxeado e, de maneira especial, a creación das corais “O Peirao” do Freixo e a “Francisco Añón” no centro social da Serra. Remata a súa intervención resaltando a importancia da súa labor na defensa da nosa lingua e tamén que contribuíu a paliar moitas veces a soedade da xente maior a través das relacións dos membros das corais.

De seguido toma a palabra a concelleira Da. Alba Quintela para destacar a labor do Sr. Barreiros Lago no ámbito cultural e social no concello de Outes e tamén lembra que ella tivo a honra de ser alumna del na súa etapa escolar e tamén na coral “O Peirao” do Freixo.

De seguido toma a palabra o concelleiro Sr. Calo Abelleira para, en primeiro lugar, agradecer a tódolos asistentes a este acto a súa presenza. Lembra tamén na súa intervención os aspectos que marcaron a vida do Sr. Barreiros Lago, destacando o ámbito da música pero tamén quere destacar a súa labor de mestre na escola da Moa e tamén a súa incansable axuda aos veciños na tradución de cartas ou documentos e outras tarefas administrativas. Remata a súa intervención lembrando tamén a importancia da labor desenvolta polo homenaxeado en prol da igualdade entre homes e mulleres ao longo da súa actividade, tanto profesional como cultural.

Toma a palabra o Sr. alcalde para, en primeiro lugar, agradecer a asistencia dos presentes a este acto solemne. De seguido lembra que el persoalmente non foi alumno do Sr. Barreiros Lago, pero que si foi coñecedor por persoas amigas e veciños da súa gran labor neste eido. Continúa a súa intervención destacando a labor de D. Domingo no ámbito cultural e social, especialmente na súa contribución á música e as corais. Destaca tamén o seu éxito na implicación da xente maior na vida social a través dos ámbitos xa sinalados e fai unha mención especial a unha entrevista que lle concederan a D. Domingo no ano 2015, na que destacaba que a participación nas corais constituía tamén un gran labor social. Lembra tamén que esa labor feita polo homenaxeado contribuíu a acadar unha sociedade igualitaria e con valores solidarios e democráticos. Conclúe a súa intervención animando aos presentes a seguir aplicando eses valores nas



suas vidas e actividades sociais e dando as gracias a D. Domingo pola obras realizadas e pola pegada que deixa na sociedade.

De seguido toma a palabra en nome do homenaxeado, a súa filla Da. Bárbara Barreiro, para agradecer a asistencia dos presentes a este acto e, dunha maneira especial, aos membros e directivos das corais que dirixiu e tamén á Corporación do Concello de Outes por facer realidade este acto. Continua a súa intervención facendo unha breve lembranza da vida do seu pai, destacando no eido musical á orquestra Los Romero e no eido profesional á dedicación a ensinanza. Destaca tamén que na parte humana hai que agradecerlle a súa nai e esposa de D. Domingo os seus sacrificios e apoio á labor de D. Domingo. Remata a súa intervención reiterando do novo o agradecemento por este acto e asegurando que a pesares de que na casa hai moitos premios, está segura de que éste é que mais lle gustaria e pide aos membros das corais que non deixen de cantar e actuar para manter viva a memoria do seu pai.

De seguido procédese a entrega dunha placa conmemorativa a D. Domingo Barreiro por parte dunha representación das corais as que dirixiu e tamén se lle fai entrega por parte do Sr. alcalde do pergamino co nomeamento de Fillo Predilecto de Outes, xunto coa medalla acreditativa do mesmo.

Remata o acto coa interpretación do himno galego por parte da coral “Francisco Añón”, sendo as 12:40 horas no lugar e data indicados no encabezamento, do que como secretario dou fe.

Vº e praxe

O alcalde

Asd. Manuel González López

O secretario

Asd. Andrés Busto Allo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

